

QUE VAI SER DE NÓS?

Juan Antonio Loureiro Vázquez




A crise económica que estamos a sufrir, débenos facer pensar non só nos factores que a orixinaron e nas medidas que cómpren para saír dela, senón tamén nas consecuencias futuras e na súa posible reprodución. Hai máis de trinta anos que lin "Un mundo feliz" de Aldous Huxley. Pareceume unha obra futurista sorprendente, pero con poucas posibilidades de ser

premonitoria dunha sociedade futura. Nesta novela había un estado mundial único creado polos líderes do mundo, despois de que se producira un colapso económico moi grande. Unha tecnoloxía avanzada permitía cubrir todas as necesidades da poboación - vivenda, alimentos, drogas inocuas, etc. - por outra parte, os individuos, producidos en laboratorios, eran fisicamente perfectos, pero con distintos graos de intelixencia segundo fose o seu destino, para os grupos alfa, beta, gama, delta ou épsilon. Neste mundo todos tiñan ocupación e todos estaban contentos co seu traballo, xa que estaba en relación coa súa intelixencia. O aberrante desta situación - entre outras consideracións - está na perda da liberdade tanto cultural, como política, reprodutiva etc. Hai máis de medio século, cando Huxley escribiu o libro, unha sociedade así custaba imaxinala, pero arestora co grao de globalización que estamos vivindo, xa non o semella tanto.

Os españois nados despois da Guerra Civil, temos o privilexio de ter vivido un dos cambios sociais máis rápidos dos que se produciron na nosa historia; pasamos dunha autarquía económica baseada fundamentalmente nunha agricultura rudimentaria, a formar parte dun país industrializado, que arrastrou un importantísimo éxodo de persoas do campo cara ás vilas. Por outra parte tocounos vivir a "guerra fría" entre o capitalismo e o comunismo, dos cales eran representantes paradigmáticos EE.UU e a U.R.S.S. respectivamente. A finais da década dos oitenta do século pasado a Perestroika e a Glásnost fixeron desaparecer o "Telón de aceiro", parecía que o mundo ía ir por outros camiños máis pacíficos, o que promoveu unha globalización da economía, que tampouco deixou satisfeitos a todos. Xorden novos conflitos internacionais, sen que se faga sentir a autoridade de Nacións Unidas; ademais, aparecen brutais formas de terrorismo masivo que causan a morte de mais de 15.000 persoas ó ano en todo o mundo; por outra banda, en determinados países latinoamericanos, formáronse gobernos populistas que culpan a España dos seus males actuais, aínda que xa faga douscentos anos que son independentes.

Neste contexto mundial, España empezou o século XXI cun importante crecemento económico, cun incremento do PIB en torno ó 2,25% anual, de maneira que no






ano 2010 chegabamos a cifra de 29.650 dólares de PIB/habitante que nos situaban, neste concepto, no sétimo posto mundial, por diante de Italia e duplicando a Rusia ou México e case triplicando a Brasil; pero este dato é enganoso en canto a potencialidade como país. En primeiro lugar, polo número de habitantes estamos no posto vinte e sete do mundo, en segundo lugar, porque España non conta cos recursos enerxéticos e minerais como os que teñen México, Rusia, Brasil, ou Sudáfrica e en terceiro lugar, porque en institucións como o FMI ou o Banco Mundial, que están rexidas polo voto ponderado dos membros, o noso peso non ten comparación co de Estados Unidos, Xapón, Alemaña, Reino Unido ou Francia. Nesta situación cando apareceu a crise, a marxe de manobra non era moita e houbo que seguir as directrices da Unión Europea e reducir drasticamente o gasto.

A Unión Europea ten unha estrutura especial que non encaixa en ningunha categoría xurídica clásica, de maneira que é máis que

unha confederación de estados, pero non é un estado federal; ten un sistema político único onde as necesidades dos estados membros sométense á consideración dunha trama institucional, na que destaca o chamado "triángulo de toma de decisións" formado por: Consello da UE, Parlamento Europeo e Comisión Europea. Esta estrutura política institucional, ten unha grande preocupación polos asuntos de carácter monetario-financeiro e, en menor medida, polo desenvolvemento das rexións; pero que ninguén pense que é a panacea que nos vai solucionar todos os nosos males, xa que como estamos vendo na crise actual, os sacrificios sófreos o pobo. Vén ó caso falar disto porque é moi posible que nun futuro aparezan outras crises noutros campos industriais e deberíamos estar algo máis preparados para facerlles fronte .

As causas que orixinaron a crise actual atribúenllas á especulación inmobiliaria, á avaricia da banca e incluso á propia irresponsabilidade da xente por meterse en créditos de maneira temeraria. É certo que estes fac-

tores en conxunto son quen de provocar a situación que estamos a sufrir, pero tamén unha sociedade ben organizada, debería ter leis –e facelas cumprir– que impedisen que estes comportamentos afectasen a toda a poboación. Polo tanto, os gobernos –sexan do cor que sexa– son os culpables por permitir que os bancos dispoñan de máis diñeiro do que corresponde ós seus fondos de reserva, ou por non legislar mecanismos disuasorios para frear a especulación. Non se trata de criticar a ningún político en concreto, entre outras cousas porque non teñen a oportunidade de defenderse instantaneamente, pero si parece pertinente dicir que, en xeral, a clase política abusa moito da demagogia – esa afección a prometerlle á xente para contentala, que xa Aristóteles consideraba o peor mal da democracia - ademais, nos tempos que corren, deberían ser máis austeros cos seus salarios, e tamén terían que fixar unha ratio para limitar o número de políticos. Pero sobre todo, o máis preocupante dos políticos, -salvo contadas excepcións - é a súa homoxeneidade nas comparencias, valéndose de tópicos e moi poucas veces achegan ideas; despois todos se senten capacitados para ocupar calquera cargo aínda que non teña ningunha formación ó respecto;





que distinto daquilo que fixo Augusto González-Besada! Aquel paisano noso -que defendeu o galego como idioma e mandou facer o Instituto Valle-Inclán de Pontevedra- que despois de ser ministro de Facenda e de Fomento, e presidente do Congreso, non aceptou ser presidente do goberno por non considerarse capacitado.

Sen ánimo de profetizar futurismos, non parece moi irreal pensar que en poucos anos, China, India, Rusia, Brasil etc. invadirannos, non só con artigos de "todo a cen" senón tamén con outros de boa calidade. Como sairemos, daquela, adiante? Escoitamos a miúdo falar de optar pola investigación en novas tecnoloxías, cousa que parece razoable, pero non estaría de máis encetar un camiño paralelo, que fomentase a reocupación das aldeas para compaxinar o traballo industrial co agrícola. Faría falta unha lexislación laboral complementaria, específica para poboacións pequenas, que incluíse a redución de xornada e estimulase con rebaixas na seguridade social. Seguramente unha persoa vive mellor en Forcarei con 750 euros, que en Vigo con 1000; e ademais terá mellor calidade de vida.

Vén a conto formular ideas como esta -máis ou menos factibles- para implicarnos todos en propoñerlles cousas ós partidos políticos a través de asociacións ou de calquera outro colectivo. Nunha sociedade onde moitos medios de comunicación, máis que informar están pensando en intereses espurios, é fundamental que os cidadáns teñamos unha participación responsable e esixamos dos nosos políticos programas claros e concretos.

A propósito das culpas e das responsabilidades individuais, para rematar este comentario voume valer dunha anécdota que conta

Viñas Calvo -que fora mestre na escola da Hermandad de Lárez- nun libriño titulado " Presencia y gozo del humorismo gallego". Entre as diferentes referencias a persoeiros de Pontevedra, está unha que atinxe ó político liberal, afincado en Lourizán, Eugenio Montero Ríos, ministro de Gracia e Xustiza, ministro de Fomento e Xefe do Goberno en 1905. Parece ser que o pasante de Montero Ríos, chamado Prego, era moi afeccionado ós paseos en barca pola ría; como mercara unha lancha a motor insistiulle tanto a Montero Ríos que o acompañase, que o político non puido negarse. O motor parou no medio da ría e Prego, despois de ver con desesperación que non se puña en marcha mirou o seu xefe e preguntoulle:

-E vostede que di, don Eugenio?

-Eu que che vou dicir. Ti bastante fas, pois mecánico non es e non tes culpa de non entender o motor. O motor tampouco ten culpa de que ti non o entendas. Aquí o único culpable son eu, que me metín nas túas mans sabendo todo iso.

